

EXTRACTO
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO
DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA
CURSO 2018-2019
IES POETA AÑÓN
OUTES

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os criterios de cualificación atenderán a catro tipos de contidos, coas seguintes porcentaxes:

- Probas escritas (exames escritos e/ou no ordenador): 50%

Realizarase polo menos unha proba escrita ao rematar cada unidade didáctica, (dicimos polo menos xa que no caso de ser moi longa ou que quedara partida por unhas vacacións poderíanse realizar dúas). A valoración das probas escritas farase de acordo cos criterios de corrección que se establezan ó principio de cada una. Copiar nun exame fará que a nota de dita proba sexa un cero.

Para poder facer a media das notas dos exames esíxese un mínimo dun 3,5. Cunha nota inferior a esta, aínda que a media da avaliación debido ós outros contidos sexa un 5 ou superior, na avaliación levará un 4.

- Exercicios (Incluimos no apartado as actividades realizadas na casa e no aula, o caderno de clase e os traballos monográficos que se pidan sobre un tema concreto): 25%.

Este 25% divídese do seguinte xeito:

- Facer os exercicios de casa 5%.
- Facer os exercicios de aula 5%.
- Facer os traballos monográficos 5%.
- Cuaderno de aula 10%.

Cada día que non se fagan os exercicios de casa descontará 0,1 puntos.

Cada día que non se fagan os exercicios de aula descontará 0,1 puntos.

A valoración dos traballos monográficos farase de acordo os seguintes criterios:

Entrega en prazo 10%.

Presentación 20%.

Redacción e corrección ortográfica 30%.

Contidos 40%.

A valoración do cuaderno de aula farase de acordo os seguintes criterios:

Presentación (incluír portada, indicar inicio de tema, fecha de cada día de apuntes...)20%

Redacción (cuidado da ortografía e da expresión...) 30%

Contidos actualizados (exercicios feitos, enunciados copiados, fotocopias anexas pegadas...)50%.

- Actitud (interese, comportamento, puntualidade, participación, respecto ás normas establecidas nos distintos espazos, traballo en grupo): 10%

Detallamos aquí cómo se valora cuantitativamente este apartado:

- Respecta ó profesor e compañeiros: 0,3puntos (-0,1 por falta).
- Respecta as intervencións de profesor e compañeiros gardando a quenda sen interrompir ata o final: 0,2 puntos (-0,1 por falta).

- Atende en clase (entre outros modos de sabelo, sabe seguir a lectura...):0,1puntos(-0,05por falta)
 - Participación activa: 0,1puntos
 - Trae o material: 0,2puntos (-0,1 por falta)
 - Mantén unha postura correcta (sentándose hacia diante, sen estar retorcido hacia atras, sen balancearse na silla, dentro do aula á chegada do profesor e non na porta....) : 0,1puntos (-0,05por falta)
 - Unha falta grave de actitude que implique un parte de incidencias: resta 0,5 puntos neste apartado.
- Traballo no taller: 15%

Detallamos aquí cómo se valora cuantitativamente este apartado:

- Realiza as tarefas individualmente ou en grupo (0,3ptos)
- Respecta ó profesor e compañeiros (0,3ptos)
- Cuida do material (0,3ptos)
- Ordena e limpia o posto de traballo (0,3ptos)
- Leva ó día o diario de taller (0,3ptos)

A cualificación de cada avaliación obterase facendo a media ponderada das notas obtidas en cada un dos catro apartados antes detallados, tendo en conta os pesos (en porcentaxe) que se indicaron anteriormente. Considerarase una avaliación positiva cando dita media sexa igual ou superior a 5.

Cando nunha avaliación, por causas do desenrolo de ésta, non tiveramos estado ningún tempo ou o tempo suficiente no taller como para ter unha nota significativa (as veces ten coincidido unha semana ou dez días, o cual son tres ou catro clases, supoñendo que non haia festivos ou extraescolares), a puntuación de este apartado (15%) pasaría a engadirse a parte de exames nesa avaliación (que pasaría do 50% o 65% neste caso).

A cualificación final do curso será a media aritmética das cualificacións dos tres trimestres do curso (tomadas antes do redondeo) entendéndose que unha avaliación positiva se producirá no caso en que dita nota sexa igual ou maior que 5.

Despois de cada avaliación, realizarase unha recuperación do exame ou exames que suspenderan na recién finalizada avaliación (operativamente sería bo facelo na primeira quincena da seguinte avaliación).

Se aínda con esta recuperación algunha avaliación seguirá estando suspensa, no mes de xuño, despois de ter a nota da terceira avaliación (e tamén da súa propia recuperación), faríase unha recuperación global antes da celebración da xunta de avaliación ordinaria de xuño.

Esta recuperación global sería xa por avaliacións (ben da 1ª e/ ou da 2ª e/ou da 3ª) e non por exames soltos. Coa nota da avaliación ou avaliacións recuperadas se calcularía de novo a media aritmética das tres avaliación que, agora si, xa sería a definitiva da convocatoria ordinaria do mes de xuño.

Se ben todo o anteriormente dito rexerá a asignatura de Tecnoloxía, o Departamento considera que na opativa de 4º TIC o xeito de calificar ha de ser diferente, debido a distinta natureza da asignatura e pasámolo a detallar a continuación.

Ao longo de cada curso escolar, poderá haber tres sesións dedicadas á probas globais de avaliación das aprendizaxes do alumnado, unha por trimestre. Estas probas poderán ter partes escritas, e tamén supostos prácticos a resolver.

Se durante a realización dunha proba un alumno copia ou utiliza procedementos ilícitos, se lle repetirá a proba. O seu deseño e nivel de dificultade serán os que o profesor considere máis oportunos.

A nota da avaliación corresponderase coa media ponderada seguinte:

40% da nota media dos traballos prácticos feitos no ordenador, 20% da nota media de cuestionarios e pequenas probas, 30% da nota do exame de avaliación, 10% da nota de actitude e traballo de aula.

Despois de cada avaliación e posteriormente á entrega de boletíns ós alumnos, haberá unha proba de recuperación para aqueles alumnos que non teñan superada dita avaliación.

A última sesión entenderase como a de avaliación final ordinaria do curso.

Para superar o curso os alumnos os alumnos deberán ter aprobadas as tres avaliacións. A nota da avaliación final ordinaria será a que resulte da media aritmética das notas das tres avaliacións.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno non sexa o axeitado, o profesorado adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo e, no seu caso, de adaptación curricular que considere oportunas para axudalo a superar as dificultades mostradas. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes básicas para continuar o proceso educativo.

O alumnado que non aprobe a asignatura na avaliación final ordinaria de xuño, deberán acudir á convocatoria extraordinaria de setembro: o exame –que poderá constar dunha parte escrita e doutra de resolución de casos prácticos- estará estruturado por avaliacións e haberá que responder, ou facer, a parte correspondente á/s avaliación/s suspensa/s.

Convocatoria Extraordinaria

Os alumnos-as que non alcancen os mínimos esixibles, na asignatura, o termino do curso no mes de xuño, deberán realizar un exame no mes de setembro que consistirá nunha proba escrita (exame teórico donde realizarán distintos tipos de exercicios, como por exemplo: de cálculo e deseño, vistas e perspectivas de debuxo e calesquera outro tipo de contidos vistos no curso)

A ditos alumnos-as poderáselles encargar, a finais do mes de xuño, a realización de algún traballo, que deberán entregar obrigatoriamente na fecha e hora do exame de setembro.